

Vibración en danza, 'EM·NA' de Colectivo Glovo

Está claro que cando entramos no xogo do teatro e da danza precisamos que nos enganche. Si, está claro que a danza e o teatros, as artes escénicas en xeral, débennos entreter. Porque do contrario, que sería? Aburrir(nos)?

Agora ben, creo que cando falamos de entretenemento, a maioría das veces, tendemos a pensar en “productos de consumo” con poucos nutrientes e de natureza moi funxible. Tendemos a pensar en espectáculos moi populares, que transiten polas convencións de xogo máis estandarizadas a interiorizadas, ou sexa, as máis habituais e cómodas.

Algo é entretenido cando capta a nosa atención e fai-nos desconectar das nosas preocupacións cotiás. Baixo esta óptica, corremos o risco de asociar o entretenemento a unha especie de enaxenación transitoria, de fuxida respecto ás nosas inquietudes vitais. Corremos o risco de asociar o entretenemento a unha especie de anestesia ou de paliativo, incluso a un “pan e circo” que nos amanse...

O contrario de todo isto sería tamén situar as artes escénicas no utilitarismo e na conveniencia do terapéutico. As artes escénicas coma medicina, coma solución aos nosos problemas e desasosiegos. As artes escénicas como clave para o coñecemento e a salvación.

Secallar, de todo isto, a danza, o teatro, o novo circo, a ópera... teñan algo. Secallar.

En todo caso, creo que é importante reflexionar sobre o entretenemento coma algo plural e diverso e desvincula-lo das connotacións máis desvalorizadoras, sinónimo do simple, do non complexo, do funxible, do inocuo, do populista...

O entretenemento é unha condición sine qua non do xogo que a dramaturxia nos propón. A dramaturxia, o sentido da partitura de accións para un espectáculo consiste, entre outras cousas, en calibrar ese espazo de xogo coa espectadora e có espectador, pois sen elas/eles non hai danza nin teatro. Se o espectáculo funciona é porque entramos no xogo, e se entramos no xogo, entón estaremos inevitablemente entretenidos/as.

Ás veces, incluso, temos a oportunidade de asistir a espectáculos nos que o entretenemento é algo non explícito ou de trazo burdo, senón algo sutil e casi secreto. Trátase de xoias que non é doado encontrar na carteleira, porque a sutileza e ese entretenemento, que no aparece subliñado por efectismos nin eslóganés comerciais ou temas oportunistas, acostuman escapar das modas e dos conceptos en boga. Sem embargo, isto non implica que se trata de propostas desfasadas ou dun sofisticado e elitista nivel críptico só para iniciadas/os.

A última fin de semana de marzo de 2021, do 26 ao 28, estreou-se no Teatro Ensalle de Vigo, dentro do Festival Isto Ferve, EM·NA de Colectivo Glovo, unha xoven compañía de danza contemporánea de Lugo, formada por Esther Latorre (Lugo, 1990) e Hugo Pereira (Porto, 1994). Eu acudín o sábado 27, Día Mundial do Teatro.

EM·NA é unha desas xoias ás que me refería na introducción, te captura desde o mesmo inicio. Te entretén e ese entreter é, ademais, un cultivo da sensibilidade que nos abre, que contribúe á tan necesaria porosidade. Só desde elas, desde a sensibilidade aberta e a

porosidade, podemos ter un acceso fluído e amable ao mundo que nos rodea e incluso ao que está máis alá do visible, o audible e o intelixible.

Un ventilador, como un círculo plateado, colgado no centro do escenario, oscila igual que un péndulo. Este será un dos poucos elementos utilizados neste espectáculo, ademais do dúo formado por Esther e Hugo e a acción lumínica, deseñada por Pedro Fresneda durante a residencia na sala viguesa. Unha iluminación que non só estrutura a peza, senon que interven e dialoga co movemento dos corpos, amplificándoo e expandindo a reverberación enerxética que desprenden.

As primeiras secuencias son un exemplo impresionante de sinxeleza e calidade máximas. Esther e Hugo aparecen en diferentes posicións baixo os reflexos de luz. Vemos as súas figuras quietas, estáticas. Pero nesa quietude e ese estatismo vibra impetuoso e contido o movemento que sentimos, coma unha ráfaga, na obscuridade. A intermitencia entre luz – presenza visible e obscuridade – presenza invisible, separadas por *black outs*, co son continuo do ventilador e o aire que, por veces, nos roza, xeneran unha atmosfera que non só entreteñe aos nosos sentidos, senon que absorbe a nosa sensibilidade e suspende o noso afán por entender. A danza non se entende, se sente e, en EM·NA, é tal a forza do sentir, na súa dimensión máis material e sensorial, que nesta primeira pasaxe da peza nos seduce irremediabilmente.

Ao mesmo tempo, velahí a maxia: o puramente material e sensorial adquire, en virtude da calidade de movemento e a actitude, así coma a sincronía radical da acción lumínica, o halo de sortilexio que nos atrapará.

Hai despois, de maneira ininterrumpida, un adentrarse ao longo e fondo da canalización vibratoria que a coreografía conduce. Unha canalización coreográfica na que os corpos se engarzan a través do unísono, propulsando esa vibración, ou a través dos contactos e colisións que confirman a comunión enerxética. Conxuncións que fan do dúo un solo, ou do dous un só, que se desprega ou se desdobra nos corpos de Esther e de Hugo.

Movimentos amplos, de impulso preciso, habitados por un subtexto motriz que é como unha corrente eléctrica contida e que se trasmuta en figuras dunha plasticidade sutil, dunha beleza extraña, desconocida, fora dos cánones. A isto tamén contribúen as miradas e ata atreveríame a dicir que as fisionomías dos rostros e dos corpos de Esther e Hugo, tan singulares e inhabituais, coa hermosuras das mellores tallas do arte sacro románico. Faccións peculiares, cun punto espiritualizado e estático.

Os grans de area, movidos polo vento e pola auga do mar, na praia do vídeo (realizado por Adrián González e Dani Rodríguez), trazan xeometrías hipnóticas, tamén ao unísono. Por igual que os cabelos da parella, soltos ao vento, mentres miran cara o horizonte, facendo xirar as súas cabezas, os seus troncos, de espaldas á cámara. Os encaxes dos corpos de Esther e Hugo, os encaxes dos seus movementos, contidos e desplegados, parecen seguir uns patróns equivalentes. A música instrumental e electrónica de BABYKATZE, coas súas espirais atmosféricas, tamén se desprega coma movemento sonoro envolvente e vibrante.

O invisible é a vibración que nos toca. O visible e audible, o movemento dos corpos, da luz, da música, da area que, nas últimas secuencias, manipula Hugo sobre o escenario negro ou sobre as curvas de Esther... fan de EM·NA unha membrana que se estende cara nós. E volvémo-nos tamén membrana e, sen reparar, vibramos todas e todos á vez, na mesma frecuencia e intensidade. E isto.... isto tamén é unha forma de entretenimento, do que nos enaxena ou anestesia, do que nos conecta, nos abre e afina a nosa sensibilidade.

By Afonso Becerra de Becerreá

ARTEZBLAI: <http://www.artezblai.com/artezblai/vibracion-en-danza-em%C2%B7na-de-colectivo-glovo.html>

www.colectivoglovo.com